

2.1 Introducción

Dentro do Diego Ojeda dentro da proposta [Conecta 13](#) define animación como a simulación de movemento producida por unha secuencia de debuxos (ou reproducións en 3D) de obxectos que, reproducidos baixo determinadas condicións, dan a sensación de movemento. Deste xeito, fala de animación cando existen:

- Imaxes (unha animación é un tipo de representación gráfica).
- Movemento (aínda que sexa aparente).
- Simulación (existen obxectos gráficos, modelos etc. creados artificialmente para o fin proposto).

Esta concepción queda lonxe do concepto tradicional que tiñamos da reprodución de imaxes reais en movemento. Tamén dista moito da idea de animación de películas de debuxos animados.

Para crear estes produtos ou esta nova concepción das animacións, tamén chamada “artefectos dixitais” podemos apoiarnos e tirar rendemento dos repositorios de imaxes, os de sons e os de vídeos todos eles na rede e con acceso de balde.

Para acceder a estes repositorios é necesario dispoñer dunha conta en Gmail e/ou en Yahoo. A moitos deles tamén podemos acceder empregando a nosas contas de acceso ou nome de usuarios nas redes (Facebook e/ou Twitter).

Para as tarefas desta e das unidades 3 e 4 debemos ter algunha destas contas.

2.2. Repositorio de imaxes

A fotografía dixital veu cambiar o noso mundo e tamén as posibilidades deste recurso no ensino. Podemos fixar nunha imaxe todo o que acontece ao noso arredor, todo é fotografiábel. A fotografía dixital é unha ferramenta con moito rendemento e hoxe en día son moitos os espazos onde podemos atopalas e o xeitos de facernos con elas.

Tamén podemos crear imaxes novas a partir de capturas de pantalla do ordenador, ou dos dispositivos móbiles dos que dispoñamos e dependendo do sistema operativo que empregaremos ou do dispositivo usaremos unhas teclas ou outras.

Con *Windows* poñémonos na pantalla na que queremos crear unha imaxe e prememos en “Alt+Impr Pant¹”. O *Paint* (desde accesorios) permítenos pegar a imaxe desde edición ou coas teclas “Control+C”. Despois de traballar coa imaxe (cortar, escribir...) gardamos a imaxe no formato que máis nos interese.

Con *Ubuntu (Lynux)* podemos realizar a captura de pantalla de diferentes formas. Dúas das formas máis prácticas son: a través da utilidade “capturar pantalla” (na versións 13.10). Esta opción permítenos capturar todo o escritorio, capturar a ventá ou seleccionar a área de captura. Outro xeito de facelo e coa tecla “Impr Pant”, prememos esta tecla e automaticamente aparece unha nova ventá cunha miniatura da imaxe do que estamos capturando; permítenos a opción gardar o arquivo no lugar que consideremos.

Con *Mac* podemos usar o programa de “Instantánea” para facer unha captura de pantalla e gardala. Para gardala no formato que nos interese debemos volver abrir o arquivo e escoller a extensión que máis nos interese.

2.2.1 *Picasa*

É o repositorio de imaxes gratuito de google (accedemos coa conta de @gmail) e permítenos:

- Localizar e organizar fotos.
- Editar e engadir efectos ás fotos.
- Compartir e editar as fotos con outras usuarias.

¹Normalmente atopamos esta tecla na parte dereita do teclado sobre as teclas de dirección ou cursores e situada á dereita da tecla *F12*.

Google ofrécenos a través do repositorio de Picasa 1 GB para fotos e vídeos. O tamaño máximo de cada imaxe debe ocupar 50 megabytes ou menos e o tamaño máximo dos vídeos debe ocupar 1GB ou menos. Hai espazo para publicar e compartir ata 4 000 fotos con resolución estándar.

O vínculo ás fotos, vídeos e álbums pódense crear desde un correo electrónico, mensaxería instantánea ou un sitio web. Só temos que copiar e pegar o enderezo web ou o código HTML que aparece na páxina.

Ademais de entrar neste repositorio a través do enderezo de Picasa, podemos facelo através da ferramenta da nos conta de gmail “Fotos”.

Velaquí as preguntas frecuentes para manexarnos no repositorio de Picasa https://support.google.com/picasa/topic/1689793?hl=es&ref_topic=1689655

2.2.2 **Flickr**

Flickr é un [sitio web](#) que nos permite almacenar, ordenar, procurar e buscar fotografías ou vídeos que aparecen compartidos nesta rede. Permítenos etiquetar as fotografía, comentar imaxes... Para sermos usuarias necesitamos rexistrarnos cunha conta de yahoo.

Conta cun repositorio inmeso de fotografías baixo a licenza Creative Commons.

Flickr permítenos crear diferentes tipos de grupos:

-Grupos totalmente públicos: a páxina é pública e calquera persoa pode unirse instantaneamente ao grupo, sen necesidade de confirmación de que o administra. Aínda así, a administradora pode elixir a opción de mostrar ou ocultar detalles dos debates e muros das persoas que pertencen ao grupo.

Este tipo de grupos resulta de interese para contidos xerais entre persoas interesadas na temática que traballamos.

-Grupos públicos por convite: estes grupos poden ser vistos por calquera persoa mais para unirse tén que recibir un convite. Son útiles para grupos de traballo pequenos dos que nos podemos participar co noso alumnado. Quen administra o grupo pode escoller a opción de mostrar ou ocultar os debates (este tipo de escolla tamén pode decidirse cos membros do grupo). Quen administra o grupo pode escoller mostrar ou ocultar os debates e os muros das persoas que non son membros.

-Grupos privados: este tipo de grupos non poden converterse en públicos. Os grupos privados poden resultar de utilidade para traballar temáticas concretas entre grupos de traballo pequeno ou mesmo clases. Pode servir para realizar debates e despois pasar ou compartir as imaxes en grupos públicos. Só os membros do grupos e aqueles que son invitados forman parte do grupo. Os grupos privados están totalmente ocultos das procuras e non aparecen nos muros das persoas que pertencen ao grupo.

2.2.3 **500px**

[500px](#) é un repositorio de imaxes que nos permite rexistrar coa conta de gmail, facebook ou twitter.

Entre as funcionalidades, 500px conta coa posibilidade de subir fotografías, crear álbums, etiquetar, comentar, votar ou marcar como favoritas, seguir a usuarios, crear grupos etc. 500px ofrece a posibilidade de construír un portafolio con aspecto bastante elaborado, crear historias visuais ou un fotoblog completo.

Pódense etiquetar as fotos, comentarlas e marcalas como favoritas. Tamén se poden crear historias partindo das imaxes que subimos, un xeito diferente de bloguear.

2.2.4. **Banco de imaxes do INTEF**

O [Banco de imaxes](#) do Instituto Nacional de Tecnoloxía e Formación do Profesorado conta cun amplo repositorio de fotografías, ilustracións, vídeos, animacións e sons. Os

arquivos atópanse organizados por niveis educativos e materias.

Todo o profesorado pode rexistrase e compartir as súas imaxes baixo a licenza Recoñecemento-NonComercial-Compartir Igual (CC BY-NC-SA)

2.3. Repositorios de son

O *Podcasting* supuxo unha revolución na difusión de audio no ensino, supuxo a distribución de arquivos de audio a través da rede. As persoas usuarias poden descargarlos, escoitalos, subilos, subscribirse...

Os repositorios de audio permiten:

- Realizar e compartir podcast sobre diferentes temáticas, programas de radio realizados polo alumnado, poemas musicados ou recitados, paisaxes sonoras, entrevistas, lecturas...
- Facer recomendacións lectoras, audiorrelatos, audiopoemas e incorporalos a outras ferramentas web.
- Publicar citas ou elementos destacados do día.
- Etc.

2.3.1 Ivoox

[Ivoox](#) é un espazo no que podemos publicar, escoitar, compartir e descargar audios (programas de radio, revistas, conferencias, concertos, viaxes...). No propio espazo conta cun buscador que permite filtrar os resultados da procura por temática, contido, lingua, procedencia xeográfica...

Temos tres opcións para subir un audio:

- Arquivo de audio: .mp3 gravado e dispoñible no ordenador ou a través dun dispositivo externo.

- Arquivo de vídeo: en formato .avi extrae o audio
 - Desde un lugar aloxado en internet (a URL debe rematar na extensión .mp3)
- Subimos o noso arquivo e configurámolo na rede: título, etiquetas, descrición, lingua (inclúe galego), tipo de licenza, canle de ivoox e podcast (tipoloxía dentro da nosa conta).

2.3.2. **SoundCloud**

[SoundCloud](#) é un servizo da web 2.0 que nos permite aloxar e compartir audios na rede. Este espazo tamén nos permite a posibilidade de facer gravacións e realizar buscas de temas musicais, podcast, entrevistas, descargar audios etc. Permite ata 3 horas de gravación.

Os audios que subimos a SoundCloud preséntanse como un reprodutor que podemos ligar ou encrustar nun sitio web. Aínda así, tamén podemos compartir estes audios a través dun correo electrónico, un blog ou as redes sociais. Podes acceder coa túa conta de gmail ou a da rede social facebook.

Unha vez que subimos os nosos arquivos de audio a través do botón “Choose file to upload” ou “upload&share” e imos configurando o noso arquivo: título, etiquetas, descrición. Os audios poden ser públicos ou privados, tamén conta coa posibilidade de condicionar a descarga.

[Velaquí un tutorial de SoundCloud](#) que pode ser do teu interese.

2.3.3 **GoEar**

É unha das maiores webs para subir e compartir arquivos de son e música. Permítenos aloxar as nosas gravacións de sonido e despois inserilas nun blogue ou web, ou escoitalas directamente en rede. Para subir arquivos debemos rexistrarnos.

2.4. Repositorio de vídeos

A concepción dun vídeo dixital cambiou moito nos últimos anos. Hoxe en día podemos facer pequenos vídeos coa combinación de imaxes estáticas e sons. Canto ao emprego nas aulas tamén pasamos de consumidoras a produtoras. Ademais do uso do vídeo podemos destacar a emisión en directo de eventos ou propostas "streaming"

2.4.1. Youtube

[YouTube](#) é un servizo de aloxamento e procura de vídeos. Youtube permítenos a posibilidade de asignar etiquetas ou tags para facilitar a localización dos vídeos. Para rexistrarnos necesitamos unha conta de gmail para poder subir vídeos de forma gratuíta. Youtube admite os vídeos en formato .AVI, .MOV e .MPG. Como limitación presenta os 100MB por arquivo.

Á hora de compartir un vídeo pola rede podemos copiar o código "Embed" que permitirá inserir o reprodutor de Youtube na nosa páxina web. Isto tamén é posíbel facelo sen necesidade de estar rexistrado.

Á hora de publicar un vídeo en internet é importante definir os valores de xeito transparente e concreto os campos obrigatorios: título, descrición, categoría do vídeo e etiquetas.

Podemos crear a nosa propia canle educativa, a da nosa materia ou aula e a do centro.

- Parámentos da [Licenza Creative Commons en youtube](#).
- Para *descargar vídeos sen instalar ningún tipo de aplicación*: substituímos o encabezado do enderezo web <https://www> por as letras ss. Por exemplo no vídeo da Fundación Rosalía de Castro *O Leo e o Rexurdimento: "Rosalía e poppy, Pondal é heavy e Curros punky"* co endeezo web. Podemos descargalo escribindo [ssyoutube.com/watch?v=PJwiBzx65K8](https://www.ssyoutube.com/watch?v=PJwiBzx65K8) .

- Para extraer o audio a un vídeo de Youtube desde vidtomp3:
en <http://www.vidtomp3.com/index.php> escribimos o enderezo web do vídeo de youtube.

2.4.2. **Teache Tube**

[Teacher Tube](#) é un espazo para compartir vídeos similar a YouTube, mais esta só centrado na ensinanza.

Nesta rede de vídeos podemos atopar arquivos de audio, fotos e documentos en diferentes formatos. Dispón dun buscador por palabras clave.

Podemos inserir un vídeo nunha páxina web, blogue ou outro espazo copiando o código “Embedd” das diferentes redes sociais.

Os vídeos de Teacher Tube descargan en formato .FLV

Á hora de rexistrarnos non nos permite usar acentos gráficos e pídennos confirmación na propia páxina. Desde aí podemos publicar: arquivos de vídeo (ata 100 MB en formatos .WMV, .AVI, .MOV, .MPG e .FLV) arquivos de audio (en formato .MP3 ou .WAV), imaxes e fotos, arquivos de texto (.ppt, .doc, .pdf...) e imaxes.

2.4.3. **Vimeo**

[Vimeo](#) é unha rede social baseada en vídeos. Os vídeos que atoparemos vídeos son de alta resolución.

O grupo de Vimeo encárgase de analizar cada un dos vídeos baixo certos parámetros de calidade e segundo a temática, posteriormente inclúeos dentro das súas canles abertas para calquera persoa.

Para darnos de alta en vimeo debemos rexistrarnos cunha conta de correo. No paquete de balde ofrécenos ata 500 MB á semana, ata 25GB ao ano e crear unha canle (só unha). Podemos subir os vídeos desde o noso ordenador ou desde a Dropbox.

Na páxina de Vimeo debemos definir os valores para o vídeo: título, descrición, etiquetas, idioma (conta con galego), clasificación dos contidos, créditos; na opción avanzado diremos o tipo de licenza que lle queremos atribuír.

Conta con unha [boa cantidade](#) deles baixo a licenza Creative Commons.

2.4.4. **Blip.tv**

Blip.tv é un servizo de vídeos compartidos de balde. Permite aloxar vídeos de diferentes formatos.